

BASES DO RECOÑECEMENTO DO CONSELLO SOCIAL Á TRAXECTORIA PROFESIONAL

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia configura ao Consello Social da USC como órgano de participación da sociedade galega na Universidade, impulsor da colaboración entre ambas, contribuíndo eficazmente ao desenvolvimento social, profesional, económico, tecnolóxico, científico e cultural de Galicia e á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria.

De conformidade co artigo 75.2 h) da referida Lei, o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela pode outorgar axudas, premios, distincións e recoñecementos no ámbito das súas funcións.

En atención ao anterior, o pleno do Consello Social, acorda convocar o presente recoñecemento á traxectoria profesional, de acordo coas seguintes bases:

1.- OBXECTO E DESTINATARIOS

O obxecto desta convocatoria é recoñecer a excelencia profesional das persoas que realizaron estudos na Universidade de Santiago de Compostela e que levaron a cabo unha traxectoria profesional relevante, contribuíndo ao desenvolvemento da sociedade.

2.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Poderán presentar candidaturas:

- Membros da comunidade universitaria
- Asociación de Antigos Alumnos da USC
- Asociacións empresariais, asociacións de comerciantes e Cámaras de Comercio
- Colexios profesionais
- Concellos de Santiago e Lugo

A presentación de candidaturas, realizarase a través do rexistro electrónico da USC dirixidas á secretaría do Consello Social da USC, explicando a traxectoria profesional do candidato proposto e as razóns que o farían merecedor do recoñecemento, ata o día 24 de novembro do 2023 (inclusive).

3.- XURADO

O xurado estará composto pola persoa que ocupa a presidencia do Consello Social, que o presidirá, e por vogais nomeados polo Consello Social, representantes dos intereses sociais no seo deste órgano. A presidenta poderá exercer voto de calidade en caso de empate.

Actuará como secretario, levantando acta dos acordos, a persoa que ocupe o cargo de secretario ou secretaria do Consello Social, con voz pero sen voto.

4.- ADXUDICACIÓN E PUBLICIDADE

O Consello Social, a través da súa secretaría, comunicará a decisión á persoa premiada publicándoa así mesmo, no taboleiro electrónico da USC e na páxina web do Consello Social, sen prexuízo da utilización doutros medios de difusión.

5.- ACTO DE RECOÑECIMENTO

O recoñecemento terá carácter honorífico, sen remuneración económica.

De ser posible, terá lugar un acto público de recoñecemento promovendo a presenza de autoridades tanto universitarias como locais e autonómicas.


6.- RECURSOS

Contra a presente, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023.

A presidenta do Consello Social da USC,



Cecilia Sierra Rey